

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE LA ASOCIACIÓN CENTRO DE EXCELENCIA INTERNACIONAL EN INVESTIGACIÓN SOBRE CRONICIDAD KRONIKGUNE , CONSELLERIA DE SANIDADE DE GALICIA Y EL SERVICIO GALLEGO DE SALUD, SERVICIO ARAGONÉS DE SALUD-SALUD Y BADALONA SERVEIS ASSISTENCIALS SA-BSA PARA EL DESARROLLO DEL PROYECTO DE INVESTIGACIÓN MASTERMIND: "Management of mental health disorders through advanced technology and services- telehealth for the MINO"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar co Servizo Aragonés de Salud-Salud y Badalona Serveis Assistencials SA-BSA o instrumento convencional arriba referido coa duración inicial dun ano, podendo ser prorrogado por períodos anuais, previo acordo das partes conforme ao establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular os termos e condicións polas que se rexerá a protección dos dereitos de propiedade intelectual e industrial do produto xerado polas partes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

As entidades comparecentes colaboraron conxuntamente no deseño, elaboración, xestión, edición, divulgación e implementación do proxecto de investigación de título MASTERMIND "Management of mental health disorders through advanced technology and services-teleHealth for the MIND". O proxecto ten como obxectivo principal implementar o servizo de terapia cognitivo condutual on-line en pacientes con depresión en varias rexións europeas e así identificar barreiras e facilitadores do proceso en distintos contextos (político, social, económico y técnico). O obxectivo principal da colaboración é a elaboración conxunta do contido clínico das terapias cognitivo condutual on-line

(en adiante “resultados do proxecto”) que se implementará en cada unha das rexións participantes. O material a crear conxuntamente basease principalmente na redacción dos módulos da terapia e na gravación dos vídeos relacionados cos mesmos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 14 de xuño de 2017.